(16)

645 147) Cinto, pelado
faime un arado
pero non teño macheta
ai, nin machado.

b) Teño macheta
teño machado,
heicho facer miña nena
o traballo.

663. 148) Miña nai e maila túa
foron xuntas a taberna,
a miña comproume viño,
a túa douche boa merda.

666. 149) Miña nai e maila túa
foron a unha romaría
a túa comeu a merenda
e a miña pasou co que tiña.

150) Miña nai a maila túa
foron a unha romaría,
a túa como é lambona
coméulle a merenda a miña.

Ordes III, 2, Olas, Nadal 1978

CD 11, 16

Rafael 62 anos
Elvira 60 "
Xesusa 40 " (filla)

III,2,671. 151) Miña nai a maila túa
van xuntas, no Xibaleu
cando a túa dou a volta
a miña xa foi e veu.

673. 152) O cuco e maila cuca
íban polo prado abaixo
decíalle o cuco à cuca
qué ben che queda ò refaixo. gr v1 1666 a

675. 153) O cuco e maila cuca
iban polo prado arriba,
decíalle o cuco á cuca
qué ben che queda'à mantilla. v1 1665 c

684. 154) Josefina de Rogelio
tén un vestido de seda
que llo fixo súa nai
antes de parila nena. v1 Carolina v1 123 1520

DO PATRIMONIO APOI ARQUIVO ORAL DA IDENTIDADE
Museo do Pobo Galego
instituto de estudos das identidades

690. 155) Tés unha boca moi ghrande
e o mariz moi aghillado,
a medida dos teus dentes
a ~~tabla vella~~ do carro.

× 695. 156) ...
...
...
...

698. 157) O cura desta parroquia
mala centella ~~o coma~~
debaixo da.

705 158) /:Esta noite a maila outra
a maila noite pasada:/
/: abalei unha pereira
que nunca foi abalada. :/

713. 159) /:~~Aldeiña~~ por aldeia
de Santiago a la Coruña:/
~~aldeiña por aldeia~~

## Ordes III, 2, Olas, Nadal 1978

CD II, 16

Rafael 62 anos
Elvira 60 "
Xesusa 40 " (filla

III,2,720. 160) /:O muíño da Carballa
bota fariña por baixo,:/
as mociñas qu'hai ahora
... de baixo.

724. 161) Dáme o que che pido, nena,
damo que non é pecado,
unha muxica de lume
pra prender o meu cigarro.

728. 162) Ehí veñen, ehí veñen,
ehí veñen, ehí van,
sardiñas fresquiñas
de pola mañan. 4,4,1,2

**Nota de edición:** Aínda que no cartafol orixinal de Dorothé Schubarth aparece como data de recolla Nadal de 1978, consideramos que se trata dun erro e que esta gravación foi realizada en decembro de 1979. As datas das pezas inmediatamente anteriores e posteriores así como as referencias delas no Cancioneiro Popular Galego e nas cubertas dos casetes orixinais, son todas do ano 1979.

*Audio de procedencia: MPG_SchSa_0010_0011_016_en_Ordes_III_2_645*